

APARTADOS	ARQUITECTURA	ESCULTURA	PINTURA
1. Identificación e clasificación da obra. (aspectos comúns)	- Nome do edificio ou título da obra pictórica ou escultórica. - Autor/es (se se coñece), breve biografía se procede. - Patrocinador, promotor, comitente da obra (quen a encarga, financia ou promove) - Localización espacial e cronolóxica (lugar e período histórico, data aproximada de realización) - Estilo e época (atendendo á clasificación temporal da Historia da Arte) - Localización actual.		
2A. Análise material e formal. Condicionan 	• Tipoloxía do edificio: que é? • Concepción espacial do interior: forma da planta e distribución dos espazos. • Concepción espacial exterior: formas e volumes. • Materiais e técnicas construtivas. • Elementos construtivos: ◦ Sustentadores: muros, columnas, piares, arcos... ◦ Sostidos (cuberta, teito): bóvedas, cúpulas... ◦ Decorativos: natureza, materiais, temática, localización,...	• Tipoloxía: vulto redondo (busto, torso...), relevo... • Materiais (mármore, bronce...) e técnicas empregadas (tallado, modelado, fundido, gravado...) • Descrición da obra: como é? • Formas representadas: estatuas, grupo... • Actitude: sedente, xacente, de pe... • Localización: dependencia da arquitectura (friso, frontón, capitel...) ou independente: prazas, xardíns...	• Tipoloxía: mural, cadro, retablo... • Soporte: táboa, lenzo, muro, papel, vidro... • Técnica: fresco, temple, acuarela, óleo... • Composición: estrutura xeométrica da obra e distribución das figuras e elementos que a integran. • Concepción espacial: tipo de perspectiva (lineal, área, xerárquica...) se hai. • Liñas e contornos (debuxo): figuras recoñecibles ou non... • Cores predominantes (gamas frías, cálidas, escuros, pastel...)
2B. Análise técnico-estilístico (valores plásticos da obra) Reflicten 	• Liñas compositivas do espazo interior e exterior: horizontalidade, verticalidade, simetría, proporción, movemento.... • Intencionalidade: efectos ópticos e espaciais; valoración da relación co contorno. • Funcionalidade: para que servía?	• Formas de expresión: abstracción ou figuración; Naturalismo (idealismo ou realismo); Antinaturalismo (simbolismo, estilización, hieratismo...) • Tratamento das formas: ◦ Textura das superficies (lisa, rugosa, policromía, movemento, anatomía, roupaxes,...) • Materiais e técnicas construtivas. • Composición: distribución das formas e volumes.	• Tratamento das figuras: realismo ou non, esquematismo, abstracción... • Uso da cor: tons, harmonías, contrastes... • Uso da luz: gradación da luz, contrastes... • Pincelada: solta, minuciosa...
3. Interpretación e contextualización da obra. Conclusión.	- Iconografía: identificación do tema representado e explicación do seu contido e significado (Iconoloxía). - Resume breve do contexto social e cultural no que se realizou a obra. Procesos históricos clave. - Posibles antecedentes e influencias posteriores. Outras obras do artista e doutros artistas da época ou estilo. Transcendencia da obra e do artista na Historia da Arte.		

